

Información comezo curso 2020-2021

Estimadas familias:

Xa está a punto de comezar un novo ano escolar, aínda que o comezo este curso vai ter algúns cambios organizativos respecto a cursos anteriores.

Somos conscientes da inquietude que está a xerar nas familias esta incorporación ás aulas, pero queremos informaros de que, a pesar de que a situación de pandemia é incerta e complexa e as indicacións por parte das administracións son pouco concisas, estivemos e estamos traballando para crear un entorno e uns protocolos seguros, atendendo ás recomendacións posto que o principal obxectivo para este curso é minimizar as posibilidades de contaxio na comunidade educativa.

Nos vindeiros días faremosvos chegar as medidas, aspectos organizativos e protocolos específicos destinados a previr posibles contaxios e a xestionar o funcionamento do centro ante unha nova situación de pandemia. Xa temos moi adiantado o plan de continxencia, así como o Protocolo de adaptación ao contexto Covid-19, aínda que como sabedes, e dada a complexidade organizativa da situación, estamos condicionados polas instrucións que emitan as Consellerías de Educación e Sanidade, polo que é posible que se produzan cambios en función da evolución da pandemia.

Podemos adiantarvos un resumo do noso plan de actuación:

Base legal:

- Instrucións resolución conxunta das consellerías de Educación e Sanidade 31/08/2020 <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/31754>
- Orde do 28 de agosto pola que se aproba a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020/21:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2020/20200828/2408/AnuncioC3K1-280820-2_es.html
- Protocolo de adaptación ao contexto Covid-19 nos centros educativos da Xunta de Galicia: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/31578>
- Medidas educativas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/31636>

Protocolo de adaptación do centro ao contexto Covid-19:

Este protocolo está sendo elaborado atendendo as normas e recomendacións legais que estamos a recibir por parte das Consellerías de Educación e Sanidade e que como sabedes están en continua revisión. Contempla, entre outros puntos:



- Medidas de prevención básicas (uso máscara, distanciamento social, medidas hixiénicas e de desinfección diarias,...)
- Medidas que afectan ás condicións laborais
- Medidas de carácter organizativo (portas de entrada/saída, regulamento dos sentidos de circulación, relación coas familias, uso de espazos comúns, uso de baños, medidas servizo do transporte escolar, organización dos recreos, normas específicas para alumnado con NEE, normas específicas para laboratorios e talleres...)
- Medidas de carácter formativo e pedagóxico (Educación en saúde, Aulas virtuais, metodoloxía e programacións didácticas...)

Plan Continxencia:

En cumprimento da normativa anteriormente indicada, estamos a ultimar o **Plan de Continxencia** do Centro, cos pasos a seguir no caso de posibles contaxios dalgún membro da comunidade educativa.

Como sabedes, durante o confinamento que padecemos o pasado curso, comezamos a traballar coa Aula Virtual. Agardamos que as clases este curso sexan presenciais, pero os primeiros días o alumnado recibirá formación para familiarizarse coa plataforma, co fin de continuar coa actividade lectiva, sexa cal sexa a situación na que nos atopemos: presencial, a distancia ou semipresencial.

Toda a documentación que estamos a preparar, así como un pequeno resumo das principais medidas e normas, serán colgadas na páxina web do centro nos vindeiros días.

Recibiredes ademais información sobre a organización, horarios e materiais que debe traer o alumnado o primeiro día de clase (16 de setembro), así como do proceso de entrega dos libros do Fondo Solidario de Libros.

Agradecemos a vosa paciencia e colaboración e quedamos á vosa disposición para calquera dúbida ou aclaración que precisedes ao respecto.

Un saúdo,

Equipo Directivo.